

OITAVA: VIXENCIA

1. O prazo de vixencia do presente convenio extendese dende o 1 de xaneiro de 2021 e finalizará o 31 de marzo do 2022 .
2. As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2021, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.
3. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario.

NOVENA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir no seu aplicación. En todo caso aplicárase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 42755 de 29 de decembro de 2020.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuádruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Walter Pardo Añón

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. José Luis Almu Supervía



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



Número 1/2021

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO FORTE DE BUÑO (MALPICA DE BERGANTIÑOS) 2021

Na Coruña, a 14 de xaneiro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña e

Doutra Don Walter Pardo Añón, Alcalde Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños

EXPOÑEN

- 1.- A Deputación provincial da Coruña adquiriu e rehabilitou o conxunto etnográfico do Forno do Forte e o seu quinteiro, grupo de casas anexas do século XIX, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do ecomuseo: reconstruír a vida cotiá, de tempos non afastados, das xentes labregas e oleiras que fixeron de Buño un centro emblemático da produción artesá de Galicia, da provincia e de Bergantiños .
- 2.- O concello de Malpica de Bergantiños desde o ano 2006 leva colaborando coa Deputación provincial da Coruña na xestión do Ecomuseo do Forno do Forte, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, cos inmateriais, especialmente, a tradición oleira local e as novas formas de produción. O obxectivo último foi facer do espectador un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura popular como recurso e reclamo turístico.
- 3.- O Concello de Malpica de Bergantiños durante estes anos, cumpriu coas obrigacións que se estipularon nos respectivos convenios de colaboración subscritos entre os anos 2016 e 2018 e que se refencian a continuación:

- 1- Manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmovible como os bens incluídos no mesmo,
- 2- Facilitar a visita do conxunto etnográfico e dos elementos museísticos e doutras exposicións que albergue o mesmo polo público, colaborando en todo o que sexa posible para que poidan realizala nas mellores condicións, prestando así mesmo os servizos de guía, monitor ou similares
- 3- Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo en especial a alfarería de Buño coa colaboración das entidades da zona.
- 4- Compilación do patrimonio etnográfico da zona, especialmente oleira e histórica.
- 5- Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións oleiras e culturais da zona.
- 6- A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura popular da zona no eido da oleiría.
- 7- Promover actividades culturais dentro da teoría do ecomuseo: actividades oleiras, conferencias, ceceduras tradicionais, gastronomía da zona, etc, en relación con colectivos culturais e educativos da zona.
- 8- Establecemento de sistemas de relacións con outros centros e ecomuseos de actividades oleiras.
- 9- Aproveitar a sala multiusos (a adecuar no 2020) para promover todas as actividades relacionadas anteriormente.

10- O Concello de Malpica de Bergantiños asume a obriga-
ción da Excma. Deputación provincial da Coruña en todos os soportes que se empre-
guen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

4º.- Ambas as institucións coinciden na conveniencia de abrir as canles de colaboración para que no fu-
turo poida a Deputación ceder o seu uso do Conxunto Etnográfico Forno do Forte ao Concello de Mal-
pica de Bergantiños .

5º - Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor
deste conxunto etnográfico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños
acordan subscribir o presente convenio, según as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO.-

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excma. Deputa-
ción provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños CIF: P1504400A por medio do cal a
Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de Malpica, a xestión integral do Ecomuseo
do Forno do Forte de Buño, ano 2021.

SEGUNDA: OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

A xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño implicará as seguintes obrigas por parte do
Concello de Malpica de Bergantiños :

1.- Atención a visitantes:

- Facilitar a visita do conxunto etnográfico e dos elementos museísticos e doutras exposicións
que albergue o mesmo polo público, colaborando en todo o que sexa posible para que poidan
realizala nas mellores condicións, prestando así mesmo os servizos de guía, monitor ou simila-
res.
- Facilitar aos visitantes folletos e/ou documentación informativa sobre o ecomuseo de Ecomu-
seo do Forno do Forte de Buño e sobre o municipio de Malpica de Bergantiños .
- Facilitar información turística e cultural sobre a Costa da Morte , posibilitando aos visitantes a
consulta dos devanditos datos por medios informáticos.
- Controlar o adecuado tránsito polo inmovible.
- Elaborar unha estatística de visitas mensual e de xeito obxectivo e valorable.
- Promover o uso da lingua galega en todas e cada unha das actividades realizadas no centro.
Tanto no material impreso como nas visitas guiadas será obxectivo a atención na nosa lingua
sen prexuízo do uso de outras linguas.
- Promover actividades de promoción da igualdade de xénero e de promoción dos grupos en
risco de exclusión social.

O persoal adscrito deberá atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.

2.- Conservación e Mantemento: O Concello de Malpica de Bergantiños deberá manter en perfectas
condicións de conservación e limpeza, tanto o inmovible como os bens incluídos no mesmo, non poden-
do realizar obras no inmovible.

En tanto estea vixente a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño, os gastos de teléfo-
no, gas, auga e enerxía eléctrica correrán a cargo do Concello de Malpica de Bergantiños .

3.- Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo en especial a olería de Buño .

4.- Compilación do patrimonio etnográfico da zona, especialmente agrícola, oleira e histórica.

5.- Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións oleiras e culturais da zona.

6.- A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cul-
tura popular da zona.

7.- Promover actividades culturais dentro da teoría do ecomuseo: actividades oleiras, conferencias, co-
ceduras tradicionais, gastronomía da zona, en relación con colectivos culturais e educativos da zona.

8.- Establecemento de sistemas de relacións con outros centros e ecomuseos de actividades oleiras.

9.- O Concello de Malpica de Bergantiños comprometese en facilitar, promover e incluír nos formatos
que así considere a promoción do Forno do Forte a través das cancelas de promoción turística e cultu-
ral. Así como facilitar a información e accesos físicos ao centro.

10.-O Concello de Malpica de Bergantiños asume a obriga-
ción da Excma. Deputación provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulga-
ción da actividade obxecto do presente convenio. Ao mesmo tempo tanto o concello como o centro ten
a obriga de comunicar a deputación da Coruña as actividades que teñan lugar no centro.

TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSOAL E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado,
ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do es-
tablecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o texto de Con-
tratos do Sector Público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo
calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algunha coa Excma.
Deputación provincial da Coruña.

O horario de atención ao publico será como mínimo:

Días: todos os días da semana, incluídos domingos e festivos. Fóra dos luns que permanecerá cerrado

Horario: De 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 horas.

CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

1.- A Deputación provincial da Coruña abonará ata un máximo de 70.000,00 € durante a anualidade de
2021, do 01 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2021, con cargo á aplicación orzamentaria
0112/3333/22609.

2.- No caso de que os gastos xustificados non cubertos con ingresos da actividade, foran superiores, a
achega provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na presente cláusula

QUINTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Malpica de Bergantiños a achega correspondente a
cada anualidade da seguinte maneira:

- Efectuaranse 4 pagos trimestrais , polo importe correspondente ao 100% dos gastos non cu-
bertos por ingresos da actividade correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a
períodos vencidos.
- En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado.
- Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre,
expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Ber-
gantiños .
- Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito
aos servizos e informe estatístico de visitantes.
- Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fisca-
lización.
- Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Malpica deberá presen-
tar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
- Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da
Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recada-
ción.
- O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades
públicas ou privadas, se os houbese.
- O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos
non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación
Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Depu-
tación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumpri-
mento dos fins do presente convenio.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia
poderá realizar as actividades que estime oportunas.